

PROXECTA FOTOGRAFIA 2023 - OS CERVIÑO: CEN ANOS DOCES



CERVIÑO
CONFITERIA

iesmanuel
chamoso
O CARBALLIÑO lamas



Case cen anos do apelido que forxou
un anaco de historia no Carballiño: Cerviño.

Unha historia que comeza cando
Modesto Cerviño casa con Áurea González
e se instalan no noso pobo.

Nos seus comezos elaboraban rosquillas
que vendían polas feiras e romarías da contorna,
trasladándose máis tarde á casa familiar.


Neste lugar, na rúa Mosquera,
facían chocolate no baixo da vivenda.

No ano 1963, esta fábrica de chocolate convértese
na actual "Confitería Cerviño", onde comezaron a
preparar as afamadas "cañas fritas",
tradición que viña do Hotel Rogelia,
onde se criou Ermitas, que casara con Alfonso Cerviño.

Estas "cañas" deron sona á pastelaría,
e mesmo traspasaron moitas fronteiras coa presenza
en feiras gastronómicas nacionais e internacionais.

Hoxe en día, a tradición continúa,
convertida nun dos referentes da nosa vila.

iesmanuel
chamoso
O CARBALLIÑO lamas



Retratos

